


# VÍVEO

Natureza, mar, historia, gastronomía ...



GUÍA TURÍSTICA

# arteixo

 [www.arteixo.org](http://www.arteixo.org)

# DESCUBRE

as cores de arteixo



azul



verde



historia



vida



**Editan:**

Concellerías de Cultura, Turismo, Feiras,  
Festas e Normalización Lingüística  
do Concello de Arteixo.

**Dirección/Coordinación:**

María Rozamontes Vázquez

**Textos:**

María Rozamontes e Luís Varela (vexetación e flora)

**Fotos:**

Janet González, Aéreas Imagen, Estudio M,  
Xurxo Lobato, Vídeo Acción, Eduardo Martínez,  
Foto Rofri e outros.

**Colaboran:**

Carlos Cotelo, Dep. Estatística  
Miguel Bermúdez, Dep. Urbanismo  
Francisco Álvarez, Dep. Informática

**Deseño:**

Cares Comunicación  
[www.carescomunicacion.com](http://www.carescomunicacion.com)

Dep. Legal: C 2246-2008





1. Situación e descripción xeográfica. pág 4.  
Mapas
2. Contorna natural. pág 8.  
Areais e portos  
Paisaxes  
Xeoloxía  
Vexetación / flora / fauna
3. Patrimonio Hístico-Artístico. pág 20.  
Da Prehistoria ao Medievo  
Vía romana  
Igrexas  
Pazos  
Cruceiros/Muíños/Hórreos  
Mapas
4. Festas locais e festivos. pág 32.
5. Gastronomía. pág 38.
6. Equipamento. pág 40.  
Social-cultural e recreativo  
Deportivo  
Sanitario
7. Comunicacións. pág 48.
8. Servizos de hostalería. pág 50.  
Aloxamentos  
Cafés-bar, cafetarías  
Restaurantes
9. Teléfonos de interese. pág 54.
10. Distantías desde o Concello de Arteixo a diversos puntos de Galicia. pág 56.
11. Distantías desde o Concello de Arteixo ás distintas capitais de provincia. pág 58.
12. Guía turística de Arteixo en español. pág 60.

1

2

3

4

5

6

7

8

9

10

11

12



Concello de Arteixo

## 1. Situación e descripción xeográfica

O Concello coruñés de Arteixo está situado no extremo más occidental do golfo Ártabro, onde se insiren as rías de Ferrol, Ares, Betanzos e A Coruña. Pertence á bisbarra da Coruña. É unha fermosa conxunción de mar e montaña, un sitio ideal de vacacións que lle ofrece aos seus visitantes o seu benigno clima, unha rica flora e fauna, amplos e fermosos areais, un número considerábel de castros, igrexas románicas, pazos, actividades para o tempo de lecer e outros atractivos aos que, á parte do seu elevado nivel de servizos, se lle suma a tan ben coñecida hospitalidade dos seus habitantes. Ten unha **superficie** de 93,4 quilómetros cadrados cunha poboación de 29.363 habitantes (Padrón do 11/03/08) distribuídos en trece



parroquias: Armentón, Arteixo, Barrañán, Chamín, Lañas, Larín, Monteagudo, Morás, Oseiro, Pastoriza, Sorrizo e Suevos.

Até a década dos sesenta o Concello de Arteixo tiña un carácter marcadamente rural pero a creación do Polígono Industrial de Sabón neste período supuxo un cambio transcendental na súa dinámica demográfica.

A poboación tende a se concentrar no fondo dos seus abrigados e ben comunicados vales. A principal fonte da súa economía é a industria e a forte actividade construtiva.



Polígono de Sabón

A capital do municipio é a vila de Arteixo que antes era coñecido como A Baiuca. Pertence ao **Partido Xudicial** da Coruña e por mor das súas relacións económicas e funcionais está vinculado á Mancomunidade de Municipios onde se integran, ademais de Arteixo, os Concellos de Sada, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Culleredo, Carral e Cambre. Dista 11 Km da Coruña. Linda ao nordeste co Concello da Coruña, ao leste co de Culleredo, ao sur e sudoeste linda co Concello da Laracha. Ao norte está o Océano Atlántico.

Este municipio ten unha extense costa, con areais, portos, cantís, entrantes e saíntes. Das trece parroquias en que se divide o Concello son sete as que están na zona de costa: Pastoriza (polo lado de Borboa), Suevos, Oseiro, Barrañán, Chamín e Sorrijo e as seis que están na zona do interior son Loureda, Monteagudo, Morás, Lañas, Armentón e Larín.

**Climatoloxicamente** presenta unhas características comúns aos concellos da bisbarra. Caracterízase pola frecuencia dos días de brétema durante o inverno así como pola gran humidade por mor da súa proximidade á beiramar. Ten un clima oceánico-húmido con precipitacións más abundantes nos meses de novembro e decembro, sendo os meses de verán os menos chuviosos.

Posúe, xa que logo, un clima benigno, marítimo e temperaturas agradábeis nas catro estacións do ano o que permite unha estadía agradábel e tranquila onde se pode gozar do verde das súas paisaxes, das cristalinas augas dos seus regatos, da brisa da súa extensa costa e dos especiais areais e encoros.

No seu **relevo** mestúranse zonas áridas con extraordinarios vales. Conta con montes de certa altura como Santa Locaia (446 metros),

ou a serra da Estrela cos montes da Garaviteira en Larín (263 metros), A Ibia, O Freixal e O Pico de Corteo en Monteagudo (de 224, 262 e 239 metros respectivamente). A parte de costa que lle corresponde a este Concello esténdese –de oeste a leste- desde o regato de Augacai en Sorrijo até a Punta Regueiro en Suevos. Nas parroquias de Sorrijo e Suevos o litoral é moi recortado e montuoso presentando profundos entrantes, entre os moitos saíntes que avanzan cara a el, que posibilitaron a formación do Porto de Sorrijo e a construcción do Porto de Suevos. O territorio deste municipio está cortado polos vales de Armentón/Barrañán, Arteixo, Oseiro e polas valgadas de Sorrijo, Pastoriza e Meicende.

En canto á súa **natureza** salienta a botánica, a fauna e as paisaxes con amplas vistas panorámicas.



Paseo Marítimo na costa de Arteixo



Areal de Barrañán

## 2.

### Contorna natural

#### Areais e portos

Como aspecto turístico más salientábel do Concello de Arteixo hai que subliñar os seus areais, moi concorridos na época estival onde se pode gozar do tempo de lecer.

Os más visitados son os de Barrañán (1200x12 m), As Combouzas (300x15m) e O Reiro (100x25 m). Estes areais están batidos polas bravas ondas do océano o que fai que as súas augas sexan limpas e a súa area de cor gris clara e fina. O areal de Barrañán, aberto e de forte ondada, ten un Paseo Marítimo nas súas inmediacións con espazos e mobiliario recreativos así coma un importante sistema de dunas. O areal das Combouzas é unha das poucas praias nudistas da provincia da Coruña. Todos eles contan con bons servizos turísticos como limpeza, aparcamento, duchas, sendeiros e rampas de acceso, socorrismo e restaurantes.

Tamén son moi visitados outros areais máis pequenos pero acolledores coma os de Area Grande (275x30m), Area Pequena

(75m), Repibelo (50m) e o do Rañal na parroquia de Arteixo. Todos contan cos anteditos servizos turísticos pero o de Area Grande tamén ten un cámping nas súas inmediacións.

Na parroquia de Oseiro está o areal de Alba-Sabón (900x40 m), cuxas características son óptimas para a práctica do surf; deporte que tamén se pode practicar nos areais de Barrañán, O Reiro, As Combouzas ou Area Grande.

En Suevos hai pequenos areais e un porto que, xunto co porto natural de Sorrizo (90x10 m), son os dous más salientábeis do concello, aproveitados polos afeccionados á pesca e para o baño relaxado nas súas tranquilas augas. Tamén son de notar o Porto da Bendición (Sorrizo) ou O Carreiro e a Area da Salsa (54x15m) na costa da parroquia de Arteixo.

## Areaís



Areal do Reiro

2



Areal de Sabón

2

## Portos



As Combouzas (nudista)




Porto de Sorrizo



Area Grande



Porto e praias de Suevos



Sisalde

## Paisaxes

Arteixo é un concello de moito verdor e fermosas paisaxes naturais que constitúen outra fonte de riqueza que se pode apreciar neste municipio:

- > Área Recreativa do Seixedo (Oseiro).
- > Área Recreativa de Meicende (Pastoriza)
- > Área Recreativa do Monticaño (Pastoriza).
- > Área Recreativa dos Barreiros (Monteagudo)
- > Paseo Fluvial de Arteixo.
- > Paseo Fluvial do Seixedo a Vilarrodís
- > Paseo marítimo de Arteixo-Barrañán.
- > Fraga de Sisalde en Barrañán.
- > Encoro do Rexedoiro, en Oseiro
- > Vales e valgadas de Loureda, Larín, Monteagudo, Armentón, Barrañán, Chamín e Sorrizo.
- > Portos de Sorrizo, Suevos e A Bendición: Sorrizo.
- > O monte de Santa Locaia en Loureda.
- > O monte do Cruceiro en Pastoriza
- > O Monte de Angra en Barrañán.
- > A Punta Lagosteira en Suevos

As áreas recreativas e paseos fluviais contan todas elas con mobiliario urbano e de tempo de lecer: mesas, asentos, grellas, xogos para a rapazada, etc.


## Áreas Recreativas



Área recreativa de Meicende



Fraga de Sisalde



Área recreativa do Monticaño



Área recreativa dos Barreiros

## Áreas Recreativas



Paseo fluvial de Arteixo



Sisalde-Barrañán



Área Recreativa do Seixedo



Punta Lagosteira



Ponte dos Brozos

## Xeoloxía

Entre a parroquia de Santiago de Arteixo e o areal de Barrañán hai un extenso afloramento de rochas con plaxioclasas básicas e piroxeno rómbico (noritas), xeralmente moi alteradas. A disposición xeoloxica está constituída, ao parecer, por unha serie de capas intrusivas sensiblemente concordantes cos exquisitos biotéticos, que á súa vez se atopan fortemente influenciados pola rocha básica. Estas intrusións son más frecuentes na metade oeste do val de Barrañán, pola parroquia de Chamín e entre Anzobre (Armentón) e Monteagudo –onde xa aflora o granito-. Contra o sur prolónganse as rochas básicas até a Esquipa, Freón e A Cachada (Monteagudo), onde quedan cortadas pola gran falla de Baldaio-Meirama. O val de Barrañán é un exemplo moi significativo de sedimentación recente.

O estaño abunda no concello de Arteixo. Detectáronse indicios de prospeccións mineiras xa na época protohistórica e romana. Atopáronse seis hachas das nomeadas de "tope" nos xacementos de Rorís (Armentón).

Na posguerra do 1936 explotáronse os xacementos de volframio e estaño no Monte de Angra, nas Fontes Vellas, en Valcovo, nos Miñóns e noutros lugares do concello.

## O Balneario de Arteixo

A cabalo entre a saúde e o hedonismo o Balneario de Arteixo, con mananciais de auga termal é un dos poucos que hai na provincia da Coruña. A súa experiencia profesional garante tratamentos praceres acuáticos dentro dun edificio centenario e en instalacións con avanzadas tecnoloxías.

A súa existencia data do ano 1760. É famoso polas súas augas iodurobromuradas que saen a unha temperatura que oscila entre os 25 e os 45 graos con propiedades curativas, boas para as enfermidades da pel, reuma, trastornos respiratorios ou problemas psico-nerviosos.

Sitúase no casco urbano de Arteixo a escasos metros do Paseo Fluvial no río Bolaños, a un quilómetro da costa e a 11 Km da Coruña.



Balneario de Arteixo



## Vexetación, flora y fauna

Cando se pensa no concello de Arteixo, todos temos unha imaxe dun municipio fortemente antropizado e eminentemente industrial, esquecéndonos ás veces da existencia de espazos naturais de grande importancia ambiental, non só no ámbito local, senón incluso no comarcal e rexional, sorprendéndonos enormemente a orixe dalgúns así coma os valores ambientais. Como exemplo destas zonas centraremos a nosa viaxe virtual en dous espazos do concello, cunha orixe totalmente diferente pero con gran valor para a conservación da biodiversidade.

O **encoro do Rexedoiro** non pode ter unha situación, unha orixe e unha finalidade menos relacionada coa conservación dos valores ambientais, xa que se construíu no ano 1970 coa única función de abastecemento de auga para usos industriais das empresas instaladas no Polígono de Sabón , no interior do cal se atopa situado. Para a súa construcción houbo que destruir e somerxer baixo as augas unha ampla zona, ocupando unha superficie de cincuenta e seis hectáreas, onde había abundante vexetación helofítica, unha notoria extensión

de prados inundábeis e importantes representacións de bosques de ribeira e pantanosos; todos eles no val formado polo río Seixedo. Trinta anos despois, aínda que totalmente transformada, a zona non só non perdeu o seu valor ambiental, senón que se recuperou e repoboou naturalmente por diferentes especies animais e vexetais que fan deste encoro un lugar único, dada a súa orixe e localización.

Neste sentido, detéctase nos últimos anos unha paulatina pero progresiva recuperación da vexetación helofítica e somerxida do encoro, feito que abre novas expectativas de cara ao aumento das poboacións de vertebrados, aínda que, sen ningunha dúbida, a grande importancia deste lugar radica na diversidade da avifauna reprodutora, invernante e migratoria. Desde o ano 1984 rexistráronse no encoro do Rexedoiro un total de 118 especies de aves silvestres, 59 das cales son estritamente acuáticas, pero non só ten importancia o número de especies que existen senón as peculiaridades dalgunhas. Así o **zampullín chico** (*Tachybaptus ruficollis*) e o **ánade azulón** (*Anas platyrhynchos*), ou o **avetorillo** (*Ixobrychus minutus*) e o **ánade friso** (*Anas strepera*), constitúen no encoro unha das poboacións reprodutoras más importantes de toda Galicia, sendo aínda más salientábel a presenza de dúas anátidas buceadoras: o **porrón comú** (*Aythya ferina*) e o **porrón moñudo** (*Aythya fuligula*), xa que é Arteixo un dos poucos lugares de toda a Península Ibérica no que se reproducen con regularidade.

O **val de Barrañán**, polo que discorre o río Boedo, é outro espazo natural que cómpre salientar na xeografía municipal, destacando especialmente as brañas da parte baixa do leito do río e o bosque de Sisalde. Este espazo non só se distingue pola importancia de diferentes aspectos ambientais, senón tamén polas abundantes mostras da convivencia que os nosos antepasados mantíñan co medio natural, que se manifesta na riqueza etnográfica da zona. Parte destas riquezas ambientais e etnográficas atópanse esquecidas e deterioradas actualmente, motivo polo cal se están a desenvolver accións e investimentos para a súa recuperación.

No aspecto estritamente ambiental salienta o xa citado carrizal do tramo baixo do río e o bosque de ribeira típico da zona. Detectáronse en estudos recentes un total de oitenta e tres especies vexetais diferentes, algunas das cales invaden as zonas onde se abandonou a agricultura. Pero, sen dúbida, é no grupo dos vertebrados onde se atopan os exemplos más interesantes de conservación dunha gran diversidade, que xa desapareceu noutros lugares do concello: até nove especies de réptiles e seis de anfibios identificáronse recentemente na zona, agardándonos as sorpresas máis agradábeis no caso das aves, oitenta e catro especies diferentes e nos mamíferos,

once especies. O **escribano palustre** (*Emberiza schoeniclus*) está presente entre as aves más sobranceiras. Trátase dun pequeno paseriforme que aparece catalogado como en "perigo de extinción" na Península Ibérica, ao mesmo nivel que a aguia imperial e outras aves tan emblemáticas. A **lontra** é, entre os mamíferos, a indiscutíbel raíña do río. Este mustélido, en regresión en toda Europa, é un gran nadador e implacábel pescador que moitos consideran unha "praga" e, nada máis lonxe da realidade, xa que a súa presenza indica a boa saúde dos ríos.

Estes lugares descritos merecen ser visitados, pero sempre desde o más estrito respecto por eles, para que non só sexamos nós os que poidamos gozar coa súa visión, xa que, tal e como di un vello proverbio indio "A Terra non é unha herdanza dos nosos pais, senón un préstamo dos nosos fillos".



Encoro do Rexedoiro



## 3. Patrimonio Histórico-Artístico Da Prehistoria ao Medievo

O Concello de Arteixo xa estaba habitado no período Mesolítico e daqueles tempos quedan os restos do Campamento Costeiro do Reiro (Chamín) que datan dos anos 10 000-5 000 a.C. Do Neolítico/Megalitismo os túmulos más coñecidos pertencen á Necrópole da Zapateira localizados no Campo de Golf. No período Calcolítico-Bronce salientan entre outros, dez hachas de tope/talón do Bronce Final no lugar de Rorís (Armentón). Á Idade de Ferro pertencen dezanove castros. Do período romano salientan as igrexas e a Ponte dos Brozos sobre o río Bolaños. Da etapa medieval salientan en Oseiro dous grandes sarcófagos de granito, un rectangular conservado no interior da Igrexa e a tapa doutro, xa desaparecido

no Adro (Chamoso -1966- considera a existencia dunha Necrópole tardorromana e altomedieval intuíndo a presenza dun posíbel templo cristián anterior ao románico actual, ao redor do cal se estendería a Necrópole).

### Vía romana

A pesar das dificultades dos investigadores existen indicios de que unha vía romana atravesaba o concello de Arteixo. O camiño medieval que pasaba por Lendo (A Laracha), principal vía de comunicación que atravesaba este concello, era o camiño máis antigo que ía desde A Coruña até Bergantiños. Desde esta parroquia o camiño penetraba no municipio de Arteixo polo Monte da Estrela (onde quedan os restos dunha capela na que se celebraba unha romaría todos os luns de Pascua), estaba enlousado por algúns tramos e ía cara ao Igrexario de Monteagudo (onde hai unha espléndida igrexa románica). Logo continuaba cara ao Igrexario de Santaia de Chamín (onde hai outra igrexa románica) e, neste tramo volvíanse atopar tramos enlousados. O camiño seguía pola valgada de Chamín (Vioño), ía cara a Sisalde (onde tamén había lousas) e continuaba cara ao Castro de Castelo (Lañas), logo discorría polos lugares de Baer, Figueiroa e a Ponte dos Brozos (Arteixo), a ponte de Oseiro (agora asolagada polo encoro do Rexedoiro) e continuaba até a igrexa románica de Oseiro.

Testemuñas de que este camiño foi utilizado intensamente no medievo son as igrexas románicas así coma os tramos enlousados e as Pontes dos Brozos e de Oseiro.

Os castelos (castros de reducidas dimensións) por onde transcorría esta vía constitúen unha importancia estratégica enorme pola súa situación, dado que desde os mesmos se pode ver toda a valgada de Barrañán/Lañas/Chamín ou Sorrizo entón, é posíbel que os romanos seleccionasen os castros baseándose nas súas riquezas, sobre todo mineiras. Hai lendas referidas a esta temática e o topónimo *Caldas* (Arteixo) <AQUAS CALIDAS reforza esta aseveración.

### O medievo e o Camiño Xacobeo

As peregrinacións marcan a historia deste municipio, sendo o Santuario de Santa María de Pastoriza un templo de peregrinación xacobea, por mor da súa advocación mariana. Do feito de que os peregrinos europeos optasen pola Vía Marítima utilizando o porto da Coruña e de que o Camiño de Fisterra, o

cal discorre case todo por paisaxes privilexiadas onde a fantasía dos nosos devanceiros vía seres fantásticos ou sucesos milagreiros completando en Fisterra a peregrinación, cumprindo alí co rito de queimar á beira do mar as roupas que usaron durante a romaxe, dedúcese que un camiño xacobeo tiña que cruzar este termo municipal, preto do cal hai fontes de auga (mesmo termais) e plantas medicinais moi estendidas en toda a zona como o romeiro, limoeiro, ortigas, menta, carqueixa, loureiro, pirixel, manzanilla, labaza, allo, herba luísia, ruda, carballo, cebolas ou figueiras. É lóxico pensar, xa que logo, que á ida ou á volta de Fisterra se achegasen ao devandito Santuario.

Dous testemuños más de que un camiño xacobeo pasaba por Arteixo son o feito de que Santiago sexa o patrón da parroquia da capital do concello así como o topónimo *Hospital* (que está pola banda do Pedregal, no somonte do Subico). Ante o gran fluxo humano, o Camiño tiña que se dotar de infraestruturas, por iso se construíron ao seu carón hospitais, pontes, fontes, igrexas, hospedaxes, etc.

*Hospital* procede do latín HOSPITALE ‘albergue ou hospedaría’. O topónimo *Hospital* é común nas antigas rutas de peregrinos, dado o carácter das viaxes que, de non facérense para comerciar, daban lugar a itinerarios más ou menos permanentes con meta nun importante centro de devoción popular.

## Pontes

### A Ponte dos Brozos

Atópase na parroquia de Santiago de Arteixo, nas inmediacións das naves do Polígono de Sabón. Atravesa o río Bolaños e trátase dunha obra de dous arcos con cortacorrentes no medio deles e un lixeiro peralte, con rampas de acceso e a calzada orixinal. Consérvase en bo estado e, ao parecer, pertencería á Vía XX, Per Loca Marítima, do itinerario do emperador Caracalla.



Ponte dos Brozos

## Igrexas

Os Igrexarios (do latín ECCLESIARIO derivado de ECCLESIA ‘igrexa’) deste concello albergan sobranceiras igrexas como as de San Tirso de Oseiro, San Tomé de Monteagudo, Santaia de Chamín, Santa María de Loureda, Santo Estevo de Morás, Santa Mariña de Lañas e Santa María de Pastoriza. A maior parte delas constitúen unha boa representación do estilo románico neste concello.


### Santuario de Nosa Señora de Pastoriza

De orixe románica pero actualmente é unha igrexa barroca, do século XVII, de unha soa nave e cun presbiterio que ten forma de ábsida semicircular románica, reminiscencia da antiga igrexa medieval sobre o solar onde se reconstruíu esta. Acubilla unha imaxe da Virxe que data do século XIII. Sobre unha porta tapiada do muro norte conserva un tímpano, ao parecer do século XIV, coa Virxe sentada co Neno e os restos dunha inscrición de lectura difícil.

A imaxe da Virxe tan venerada é moi antiga. Primitivamente estaba sentada e a cabeza era distinta á que ten actualmente. Na fachada do actual Santuario salientan as imaxes de San Pedro, San Paulo e a Asunción da Nosa Señora sobre da porta. Nun lugar máis elevado están as imaxes de Santa Bárbara, San Xosé e San Xoán Bautista. A Virxe de Pastoriza áchase no centro do retablo. Na sancristía consérvanse curiosos cadros cos exvotos de moitos fieis polos milagres realizados pola Virxe, sobre todo no mar.

Unha importante lápida sepulcral, cunha inscrición do ano 881, consérvase na Casa Rectoral, un antigo e curioso capitel con "follas de espadana", aproximadamente do século IX así coma unhas doelas dunha arquivolta tórica, románica, do século XII.

Un camiño conduce desde o Santuario de Pastoriza ao Monte do Cruceiro onde hai unha imaxe, o "berce da Virxe" e un montón de pedras, lugar onde estivo agachada a Inmaculada. Os romeiros dan tres voltas ás pedras, despois pasan por debaixo das mesmas e bican a imaxe da Santa. Este lugar ten unhas espléndidas vistas e lendas coma a da "Silla do Rei", unha pedra parecida a unha cadeira onde seica sentaba o rei suevo Rechiario para contemplar Suevos, a súa vila.



Igrexa e Virxe de Pastoriza

#### Igrexa de San Tirso de Oseiro

A primeira referencia documental de Oseiro aparece no ano 830 como consta na encomienda de Faro, segundo descripción de Tructinio.

Esta igrexa, de estilo románico, (1161-64) posúe, entre os canzorros que sosteñen o tornachoivas, un no cal se representa un cáliz con hostia que pode ser a representación máis antiga que se coñece do escudo de Galicia. Conserva dúas inscricións históricas referentes á construcción e consagración da mesma, unha da segunda metade do século XII, na fachada, e outra mutilada, no interior da ábsida, de principios do XIII, referente á consagración.

É dunha nave, cuberta de madeira, con ábsida rectangular agregado a un corpo de presbiterio cuberto de bóveda de canón semicircular,

sobre dous arcos da mesma directriz, apoiados sobre semicolumnas arrimadas; os contrafortes do exterior da ábsida únense en arcos semicirculares; no testeiro da nave hai un pequeno rosetón de molduras e arquiños semicirculares e no fondo da ábsida atópase unha xanela cega.

No adro hai dous sarcófagos, un antropoide e o outro cunha interesante cuberta das chamadas de "estola", con curiosos relevos.



Igrexa de San Tirso de Oseiro

#### Igrexa de Santa Mariña de Lañas

É un exemplar do románico do século XII e principios do s.XIII. Ten unha soa nave con ábsida rectangular. Posúe un arco triunfal apuntado sobre semicolumnas acaroadas e, tanto a portada principal coma a do muro sur, teñen arquivoltas semicirculares sobre columnas codilladas. A ábsida cóbrese con bóveda de canón apuntado.

### Igrexa de Santo Estevo de Morás

Consta de unha soa nave, cunha ábsida rectangular cos contrafortes unidos en dous arcos semicirculares. O fondo da ábsida ten unha xanela románica, de arcos de medio punto, moi cegada. No presbiterio éntrase por un arco triunfal apuntado sobre semicolumnas acaroadas. A ábsida cóbrese con bóveda de canón apuntado. No muro sur da nave hai unha porta de arco semicircular antiga. Conserva unha boa e variada colección de canzorros. No s.XVIII sufriu importantes modificacións.



Igrexario Sto. Estevo de Morás

### Igrexa de San Tomé de Monteagudo

Trátase dun edificio que constitúe unha mostra relevante do románico avanzado de finais do s.XII. Fundouse por unha comunidade beneditina o que xustifica a súa ausencia decorativa e a pureza das liñas do románico clásico. Pertencía ao priorado de Santa María de Cambre. Preto da mesma pasaba a vía romana que percorría este concello.

A cuberta é a dúas augas e a planta basilical, de tres naves e tres ábsidas semicirculares nos que se abren sinxelas xanelas con arco de medio punto agregadas a corpos ou tramos rectangulares. A porta principal é moderna e a do muro norte, de arco semicircular, está tapiada; a do sur ten unha arquivolta semicircular tórica sobre unha columna por lado. Os arcos de ingreso ás tres ábsidas son apuntados sobre semicolumnas acaroadas, pero os que están ao fondo destes,

son de medio punto. Os tramos están cubertos por bóvedas de canón apuntadas e, os tambores en que rematan as ábsidas, bóvedas de cascarón ou de cuarto de esfera. Ao fondo presentan os tres unhas xanelas estreitas cuxas seteiras ofrecen arcos de franca farradura. No exterior, a ábsida central está dividida en tres vanos por dúas semicolumnas acaroadas, ofrecendo un bonito beirado de arquiños semicirculares sobre ménsulas. Nos muros hai contrafortes e unha curiosa e variada colección de canzorros.



Igrexa de San Tomé de Monteagudo

### Igrexa de Santaia de Chamín

Presenta as características das igrexas rurais románicas con posteriores reconstruccións. Na fachada presenta unhas arquivoltas e tímpano cunha cruz. Próxima ás súas inmediacións pasaba unha vía romana que continuaba até Sisalde e outros lugares.

### Igrexa de Santa María de Loureda

Orixinariamente pertencía ao románico pero sufriu unha transformación mediante a cal se aprecia o estilo neoclásico na fachada con forma triangular en parte.

Só a ábsida é románica, abovedada en granito con dous arcos apuntados. Sobre o arco triunfal e no testeiro da nave penetra a luz por un orixinal rosetón.

No interior conserva un maxestoso retablo no altar maior, obra de Xosé Ferreiro e do pintor Landeira (s.XVIII).

## Pazos

### Pazo do Atín

Atópase na parroquia de Loureda nunha suave ladeira. Encádrase no estilo barroco e figura datado do século XVII. A súa planta é de ángulo recto e na intersección ten unha balconada con porta e marco barrocos. Conta cun fermoso xardín de mirtos onde se levanta un encoro circular de pedra. Tamén posúe unha pequena capela cun retablo de pedra policromada.

Segundo documentación que data do ano 1675 constátase que os amos naquela época eran os señores da casa Pardo Osorio. Mais tarde, por mor da desamortización, pasou á familia Pereiro no século XIX, industriais coruñeses moi coñecidos.



Pazo do Atín

### Pazo de Anzobre

Este pazo, do século XVII, está situado na parroquia de Armentón e conxuga a antiga cantaría e a moderna galería de cristais. Posúe unha capela con acceso polo exterior e na que se celebra a romaría dos Remedios.

Conta con mostras heráldicas nas que se observan as armas dos Castros, Moscosos, Figueroas, Sotomayores, etc. A mediados do século XVI eran os seus donos Gómez Suárez de Figueroa e dona Justa Cisneros. Despois pertenceu á casa dos Ximonde e á familia Puga Ramón.



Pazo do Anzobre e panorámica de Armentón

### Pazo das Covadas

Está na parroquia de San Pedro de Sorrizo e os seus primeiros donos foron don Pedro Rioboo Villardefrancos, fillo de Gómez Rioboo, señor de Allo e, dona Francisca de Castro, da casa de Montaos. De estilo barroco con data do século XVII.

O edificio é de dous corpos cun portón con arco de medio punto formado por firmes doelas. Salienta no mesmo o seu grande e maxestoso balcón angular que está sostido por poderosas ménsulas.

Posúe dous escudos e, no máis antigo, aprécianse as armas dos Rioboo, Villardefrancos, Castro, Figueroa e algún outro cartel de complicada interpretación. No brasón máis moderno, barroco, no medio dunha grande ostentación e baixo helmo adornado de aparatosos lambrequíns, figuran as empresas dos Bermúdez, Castro, Lobera, Caamaño, Andrade, Villardefrancos e Varela.



Pazo das Covadas

## Pazo de Mosende

Sitúase na parroquia de Santa Mariña de Lañas e presenta, como aspecto más salientábel, un fermoso corredor de pedra que está aberto á intemperie e sustentado por ménsulas de gran resistencia.

## Etnografía

### Muíño de Sisalde

Restaurado no ano 2000. Amósase o seu funcionamento aos escolares e colectivos que o soliciten. É unha construcción típica de canle que estaba formado por dous muíños acaroados con dúas entradas distintas e dúas enxeñarías de moenda diferenciadas. Está rodeado polo arboredo autóctono da fraga de Sisalde en Barrañán.

No Proxecto Toponimia de Galiza rexistráronse máis de cen muíños, moitos deles desaparecidos. O único que funciona con regularidade é o Muíño de Margarida en Santaia de Chamín.

### Hórreos

No Valle de Loureda hai un hórreo de sete pés e doce metros de longo. A parroquia de Morás conta con dous hórreos que teñen reloxos de sol, un na aldea de Souto e outro en Morás do Medio.

### Cruceiros

Practicamente todas as parroquias teñen cruceiros. Dos máis interesantes pódense citar os de Pastoriza. No adro da igrexa hai un situado diante da fachada realizado por Blas Pereira, da escola santiaguesa. Ten unha columna sen pedestal que sostén unha cruz plana con extremos decorados. O outro situado detrás da ábsida, obra de Domingo Pérez de Noicela, está esculpido de maneira típica o que lle dá enxebreza. A cruz é plana e ten as figuras dun Cristo e unha Piedade. Un terceiro sitúase no Monte do Cruceiro onde está o Berce da Virxe.



Cruceiro (Pastoriza)



Hórreo de Arteixo



Muíño de Sisalde



Carrilanas na Feira Histórica "Arteixo 1900"



Presentación Proxecto  
Toponimía de Galicia



Feira Histórica "Arteixo 1900"

## 4. Festas locais e festivos

### Actos socio-culturais:

- > Certame de Narracións Breves Manuel Murguía
- > Exposicións
- > Certame Dora Vázquez
- > Espectáculos musicais
- > Ciclos de Teatro
- > Danza
- > Concertos
- > Cine ao aire libre no verán
- > Ciclos de vídeo
- > Encontros de Bandas de Música
- > Campamentos de Verán
- > Excursións
- > Arteixo 1900



Asociación Xuvenil Xiradela



Banda de Música

## Festas:

Durante todo o ano as parroquias do Concello de Arteixo gozan de festa e ledicia. Os seus festivais, con vestimentas típicas enchen as rúas e as prazas locais. Desde a Feira Histórica "Arteixo 1900" até as citas con artistas locais, rexionais, nacionais ou internacionais, a súa oferta une modernidade e tradición.



"Arteixo 1900"



Festas do Apóstolo



Deporte



Sardiñada



Música de Conservatorio

Parroquia	Festa	Data
Armentón	San Pedro (festa patronal) Os Remedios (romaría)	29 de xuño 1º sábado de agosto
Arteixo	As Flores (feira/festa gastronómica) Romaría da Pedra do Aguillón (O Rañal) Santiago Apóstolo (festa patronal) Santa Eufemia Santa Lucía	último fin de semana de maio xuño 25 de xullo 16 de setembro 13 de decembro
Barrañán	San Xián (festa patronal) O Sacramento	7 de xaneiro 2º domingo de xullo
Chamín	San Brais San Xoán Santaia (patroa)	febreiro 24 de xuño 10 de decembro
Lañas	Santo Amaro dos Vellos Santo Amaro dos Mozos Santa Mariña (patroa) Virxe dos Milagres	xaneiro abril 18 de xullo novembro
Larín	Santo Estevo (patrón) San Roque	26 de decembro 24 de agosto
Loureda	Santo Antón A Virxe do Carme Nosa Señora (patroa) O Corpus	13 de xuño 16 de xullo 15 de agosto xuño
Monteagudo	San Tomé (patrón) Santa Lucía	21 de decembro 13 de decembro
Morás	Santo Estevo (patrón) S. Xoán S. Paio Espírito Santo San Roque	decembro 24 de xuño 1º domingo de xullo 14 sem. despois do Entroido última fin de sem. de agosto
Oseiro	San Tirso (patrón) A Candeloria San Brais A Virxe da Luz	28 de xaneiro 2 de febreiro febreiro 2º fin de semana de xullo
Pastoriza	San Xosé Obreiro en Meicende, Borroa e Nostián Nosa Señora en Pastoriza, Meicende, Borroa e Nostián Romaría Galega San Miguel (romaría)	1 de maio  15 de agosto agosto setembro e outubro

Parroquia	Festa	Data
Sorriño	San Pedro (patrón) A Virxe do Carme San Mamede (romaría) A Virxe da Fátima	29 de xuño 16 de xullo 7 de agosto 13 de outubro
Suevos	San Martiño (patrón) Festas do verán San Gregorio	11 de novembro 1º domingo de agosto marzo

## Feiras

- > Feirón Municipal (todos os sábados pola mañá).
- > "Arteixo 1900", feira histórica (outubro)
- > Feiras monográficas:
  - Feira das Flores (maio)
  - Feirón do Galo (Nadal)



Feirón do Galo, Arteixo

## Outras celebracións

- > Romaría popular do Seixedo en Oseiro, con festival folk e degustación de polbo á feira (no verán).
- > Día da Muiñeira en Arteixo (no verán)
- > Encontro folclórico en Uxes (no verán)
- > Entroido, principalmente en Arteixo
- > Cabalgata de Reis
- > O Nadal
- > Arteixo Solidario (no verán)
- > Cea dos vellos no Nadal



Feirón Municipal Arteixo



Magosto



Percebes da Costa Arteixá

## 5. Gastronomía

Coma no resto de Galiza é típico o lacón con grelos desde primeiros de novembro até o Martes de Entroido. Outro prato senlleiro do inverno é o cocido galego que leva chourizo, patacas, garavanzos, grelos, xamón, carne de vaca e galiña, todo iso cociñado de forma familiar, a lume manso.

As distintas clases de empanada elaborada polos nosos artesáns teñen recoñecida sona fóra do municipio. Fanse de todo tipo: de bacallau, bonito, carne, zamburiñas, etc.

En canto a peixes e mariscos hai unha gran variedade sendo os más saborosos os que se pescan na proximidade da costa: linguado, mero, pescada, rodaballo, robaliza, maragota, merlón, congro, sardiña, xurelo... No litoral de Sorriño hai boas raias, maragotas, merlóns, polbos, luras e congros o mesmo ca no Ollol en Rañobre onde tamén hai pintos e rebiogas. Degústanse á prancha, en caldeirada ou adobados por especialistas na cociña.

Dos mariscos que se poden capturar na costa arteixá pódense citar os percebes na zona do Rañal (Os Casteletes e As Aguieras de Dentro), na Enseada de Lourido en Sorriño (A Punta da Torre, Folgueiro), en Rañobre (A Percebeira), no litoral de Suevos –antes da construcción do

Porto Exterior- (O Regueiro, A Gaianda, a Punta do Salto, As Atalaías, Os Curros, O Armón, A Punta Lagosteira, A Pariñeira). Hai nécoras en Barrañán (A Pedra de Guimarán), no Carreiro, no Pozote e no Porto dos Cabalos.

E para rematar, temos unha exquisita repostería e uns viños, que coma en toda a Comunidade Autónoma son extraordinarios: O Albariño, Ribeiro, Valdeorras, Monterrei ou Rías Baixas, entre outros. E, por suposto, hai que se lembrar da típica, da exquisita, reconfortante e dixestiva queimada.

Este concello conta con hoteis, hostais, restaurantes, grelladas e cafetarías onde se poden degustar os más saborosos mariscos, carnes e peixes e onde a paz e a tranquilidade que proporciona a vila a fan inmellorábel para o descanso que se pode acadar , entre outros lugares, no seu Balneario de augas cálidas. Non se debe marchar de Arteixo sen probar o polbo á feira na Romaría do Seixedo que cocido, cortado, adobado con pemento, sal e aceite cru constitúe un exquisito manzar ou ben, gozar da Festa Gastronómica dos Callos no mes de maio; é unha boa maneira de probar os deliciosos manxares que se preparan neste municipio.



Casa do Concello



Centro Cívico Cultural de Arteixo



Auditorio do Centro Cívico Cultural de Arteixo



Centro Social da Baiuca



Biblioteca Central

## 6. Equipamento Socio-cultural e recreativo

### -> A Casa do Concello "A Baiuca"

Baiuca. Praza Alcalde Ramón Dopico, 1.  
Tel. 981 600 009. Fax 981 602 417. [www.arteixo.org](http://www.arteixo.org)

### -> Centro Cívico Cultural.

Paseo Fluvial de Arteixo. Tel. 981 641 803

### -> Centro Cívico do Froxel.

Vilarrodís (Oseiro) –Casa de Murguía. Tel. 981 601 574

### -> Centro de Servizos Sociais.

Rúa Ría de Noia, 2. Arteixo. Tel. 981 640 836

### -> Centro social de Uxes.

Uxes-Morás.

### -> Centro social de San Roque (Larín).

San Roque-Larín

### -> Centro dos Vellos.

"A Baiuca" Arteixo. Tel. 981 602 785

### -> Biblioteca Central.

Centro Cívico- Cultural de Arteixo. Tel. 981 641 879

### -> Axencias de lectura.

- Oseiro na Praza Manuel Murguía. Tel. 981 601 945
- Meicende no CEIP "San Xosé Obreiro". Tel. 981 274 027
- Centro do Froxel. Teléfono: 981 601 574.

### -> Xulgado de Paz.

Trav. de Arteixo, 249. Arteixo. Tel. 981 600 002

### -> Edificio de Servizos Múltiples.

Trav. de Arteixo, 249. Arteixo. Tel. 981 602 413

### -> Radio Municipal.

Edificio de Servizos Múltiples. Tel. 981 640 293

### -> Policía Local.

Casa do Concello. Tel. 981 600 060

### -> Protección Civil.

Avda. da Ponte, parcela 24. Sabón. Tel. 981 641 414

### -> Garda Civil de Arteixo.

Avda. de Fisterra. Tel. 981 633 002

## Deportivo

### -> Piscina Municipal.

Avda. de Arsenio Iglesias (Sabón). Tel. 981 60 03 79

### -> Pavillóns polideportivos:

Arteixo, na Avda. de Arsenio Iglesias (Sabón). Tel. 981 640 451

Galán en Oseiro. Tel. 981 641 494

Meicende, no colexio "San Xosé Obreiro". Tel. 981 270 072

Ponte dos Brozos, ao lado do colexio. Tel. 981 600 249.



Piscina Municipal



Pavillón Polideportivo

## Campos de fútbol municipais

-> "Ponte dos Brozos" en Arteixo (un de herba e outro de terra).  
Están na Avda. de Arsenio Iglesias.

-> "Uxes" en Freán (Morás).

-> "Oseiro" (un de herba e outro de terra), na rúa das  
Viñas de Abaixo.



Zona deportiva de Arteixo

## Carrís-bici

-> Paseo Fluvial de Arteixo

-> Paseo marítimo Arteixo-Barrañán



Carrís-Bici paseo fluvial



Paseo marítimo Arteixo-Barrañán

## Centros hípicos (privados)

-> Casas Novas en Larín. Tel. 981 606 499

-> Os Porches en Santa Icía, Morás. Tel. 981 645 152

-> Centro hípico de Morás . Tel. 981 645 275

## Golf (clubs privados)

-> Hércules club de golf en Larín. Tel. 981 642 545

-> Club de golf A Zapateira en Morás. Tel. 981 285 200



Hércules Club de Golf

## Autocross

-> Escudería Peña Autocross Arteixo. R. Castros. 7. Tel. 981 600 397



Autocross

## Deportes acuáticos

### -> Surf.

Prácticas todo o ano polos aficionados e o concello organiza concursos no mes de xullo que atraen aos mellores surfistas. Os lugares más indicados son os Areais de Sabón, Area Grande, As Combouzas, Barrañán e O Reiro.

### -> Pesca (submarina / de caña / embarcacións).

Prácticas especialmente na Enseada de Lourido (Sorrizo) e entre a Punta Lagosteira (Suevos) e Sabón (Oseiro).

### -> Natación.

Á parte da piscina municipal tamén se pode nadar sen risco no Porto de Sorrizo e no Porto da Bendición (tamén en Sorrizo).



Porto de Sorrizo

## Turismo rural

Casa Rural "A Solaina" en Larín. Tel. 981 642 544 / 655 064 852

## Rutas a cabalo

"Os Laranxos" en Loureda. Tel. 608 387 043




Centro hípico "Casas Novas" (Larín)

## Campamentos de turismo

Valcovo (Arteixo). Tel. 981 601 040

## Senderismo

DESEÑOUSE unha ruta de senderismo que discorre polas parroquias de Chamín, Barrañán, Monteagudo, Armentón e Larín pola banda da Groba. Parte do Paseo Marítimo de Barrañán e vai pola zona dos Boedos a carón do río Sisalde, polo Monte de Cartas e logo continúa cara a Margarida, A Braña, O Piñeiro, Os Barreiros e A Groba (Larín).



Mapa da ruta

- 1. Areal de Barrañán
- 2. Os Boediños (brañas)
- 3. Monte de Cartas
- 4. Área de descanso de Margarida
- 5. Pontella da Xesteira
- 6. Camiño da Area
- 7. Muíño de Margarida
- 8. Área recreativa dos Barreiros
- 9. Castro de Armentón

- 10. Pontella do Castro
- 11. Muíño dos Zapata
- 12. Fraga de Sisalde
- 13. Igrexario de Barrañán
- 14. Muíños da Ibia
- 15. Igrexa de S. Tomé de Monteagudo
- 16. Área de descanso en Santaia de Arriba.

Son uns dezaoito quilómetros de percorrido (ida e volta) pero hai a posibilidade de realizar rutas alternativas de menos quilómetros.

A oferta de ocio está especialmente pensada para que os viaxeiros de todas as idades atopen unha experiencia perfecta para os seus gustos e pasatempos durante a súa estadía entre nós.

## Pistas ao aire libre

Sorrizo, Chamín, Barrañán, Monteagudo, Larín, Armentón, Lañas, Loureda, Morás, Arteixo, Suevos, Pastoriza e Oseiro.

## Parapente

Practícase na zona de Barrañán e constitúe outra maneira de gozar dunha paisaxe inigualábel.

## Sanitario

### Centros de saúde de atención primaria:

- > **Arteixo.** Trav. de Arteixo. Tel. 981 640 364
- > **Meicende.** Tel. 981 251 633

### Farmacias:

- > **Teodomiro Santos Blanco en Arteixo.**  
Avda. do Balneario, 49. Tel. 981 600 215
- > **Ana Torres (a do río) en Arteixo.**  
Avda. do Balneario, 22. Tel. 981 641 392
- > **Mª. Ángeles Regueiro Vázquez en Arteixo.**  
Rúa Río Miño, 1-3. Tel. 981 600 615
- > **Alicia Rey Formoso en Arteixo.**  
Trav. de Arteixo (na Ponte do Va). Tel. 981 600 801
- > **Juana Ángeles Lorenzo Tomé en Pastoriza.**  
Trav. de Pastoriza, 62. Tel. 981 607 355
- > **Mª. Teresa Tato Fouz en Vilarrodís.**  
Avda. Platas Varela, 83. Tel. 601 107
- > **Mª. Jesús Isla Vázquez.**  
Trav. de Meicende, 113 (baixo). Tel. 981 272 311



Rotonda do Seixedo

## 7. Comunicacións

Os tres aeroportos internacionais da Comunidade Autónoma de Galicia están unidos por unha rápida autoestrada o que fai que o viaxeiro chegue sen demora até ao seu punto de destino. Ademais da autovía Arteixo-Lugo-Madrid e a autoestrada A Coruña-Carballo que pasan por este municipio, hai unha extensa rede de estradas secundarias que experimentaron unha gran mellora no seu trazado e no seu firme, o que beneficia o percorrido por todos os recunchos deste termo municipal.

### Servizo de autobuses e paradas.

Compañía: ANTONIO VÁZQUEZ,S.A.  
Tel. 981 254 145/981 254 050 · info@autocaresvazquez.net

#### - Servizos: A Coruña - Boedo - A Coruña

Paradas: Meicende, Pastoriza, Suevos, Sol e Mar, O Seixedo, Arteixo (Casa do Concello), Loureda, Boedo.



#### - Servizos: A Coruña - Carballo por Caión - A Coruña

Paradas: Vilarrodís, O Seixedo (Oseiro), Arteixo, Barrañán, Chamín, Sorrizo, Caión, Noicela, Lema, Razo, Carballo.

#### -Servizos: A Coruña - Fisterra - A Coruña

Paradas: Vilarrodís, O Seixedo, Arteixo, Lañas, O Anide, Paiosaco, A Laracha, Carballo, Coristanco, Augalada, Baio, Vimianzo, Dumbría, Cee, Corcubión, Fisterra.

#### - Servizos: A Coruña - Monteagudo - A Coruña

Paradas: Vilarrodís, O Seixedo, Arteixo, Lañas, O Anide, Monteagudo.



# 8.

## Servizos de Hostalería

### Hoteis, Hostais, Casas de Hóspedes e Pensíons

- > **Hostal Balneario de Arteixo.**  
Estrada dos Baños. Arteixo. Tel.: 981 600 014
- > **Casa de Hóspedes El Paraíso.**  
Avda. de Fisterra, 47. Arteixo. Tel. 981 600 086
- > **Hostal Arteixo.**  
Avda. de Fisterra. Arteixo. Tel. 981 600 185
- > **Hotel-Residencia Pastoriza.**  
Estrada A Coruña-Carballo, Km 4. el. 981 100 250
- > **Hotel Europa.**  
Avda. de Fisterra, 31. Arteixo. Tel. 640 444
- > **Hostal As Camelias.**  
Avda. Platas Varela, 64. Oseiro. Tel. 981 640 325
- > **Casa-Hóspedes Loli.**  
Trav. de Meicende, 86. Pastoriza. Tel.: 981 259 921
- > **Casa de Hóspedes Xacobeo.**  
Rúa Urbano Lugrís, 3. Vilarrodís-Oseiro. Tel. 981 640 843
- > **Casa de Hóspedes Candil 2.**  
